

Lembra

Desde a Antigüidade ata o século XVIII, fálase do ciclo **demográfico antigo**, que se caracteriza polas altas taxas de natalidade e mortalidade, que facían imposible un crecemento importante da poboación. A partir do século XVIII, empézase a falar do ciclo **demográfico de transición**, no que as melloras en distintos aspectos (alimentación, hixiene, medicamentos etc.) reducen de forma notable a mortalidade e iníciase un crecemento considerable da poboación.

	Poboación en 1700	Poboación en 1800
Inglaterra	5,8 mill.	9,2 mill.
Francia	22 mill.	29,3 mill.
Italia	13,2 mill.	17,8 mill.
España	8 mill.	11,5 mill.
Holanda	1,8 mill.	2,1 mill.
Alemaña	14 mill.	23 mill.
Hungría	2 mill.	4,2 mill.
Rusia	13 mill.	30 mill.

O DECLIVE DO ANTIGO RÉXIME

Denomínase **Antigo Réxime** o tipo de organización social, política e económica característica de finais da Idade Moderna, por oposición ao Novo Réxime xurdido tras as revolucións de finais do século XVIII e principios do XIX. Concretamente, o Antigo Réxime defínese pola **sociedade estamental**, as **monarquías absolutas** e unha **economía de base agraria** marcada polo **mercantilismo**.

A sociedade do século XVIII

A poboación europea

Durante os séculos XVI e XVII a poboación europea sufrira un importante descenso debido á fame negra, á peste e ás guerras. Con todo, a comezos do século XVIII esta situación comeza a mudar.

Aínda que de forma desigual nas distintas zonas de Europa e lentamente ao principio, aos poucos vaise producindo un descenso da mortalidade. Isto provocou un crecemento demográfico continuo, que acabará dando lugar a un cambio de ciclo demográfico e que fará que moitos historiadores falen dunha revolución demográfica.

Unha sociedade rural

A sociedade do século XVIII continúa a ser eminentemente rural, é dicir, a maior parte da poboación vive no campo, da agricultura. No entanto, ao longo da Idade Moderna algunhas cidades foron recobrando parte da importancia que tiveran na Antigüidade, debido sobre todo ao comercio. Nesta época empezou a despuntar nas cidades un grupo social que adquirirá moita importancia no século seguinte: a burguesía.

A sociedade estamental

No século XVIII pervive a estrutura social que xurdira na Idade Media e se consolidara ao longo da Idade Moderna, a **sociedade estamental**, aínda que con algúns matices. Esta estrutura caracterízase pola existencia de tres estamentos, agrupados en:

- **Privilexiados.** Este grupo está formado pola nobreza e o clero. Gozaban de privilexios como estar exentos do pagamento de impostos, comparecer ante tribunais propios, e non ter que responder ante determinadas leis ou gozar dun tratamento especial ante elas.
- **Non privilexiados.** Este grupo está constituído polo denominado **terceiro estado**. Pagaban impostos, sostiñan economicamente co seu traballo e impostos o resto dos estamentos e estaban sometidos á lei.

Os estamentos eran, en principio, grupos pechados. Era moi difícil pasar dun estamento non privilexiado a un privilexiado. Con todo, o aspecto económico empezou a modificar lixeiramente esta situación e algúns campesiños, grandes propietarios de terras ou importantes burgueses mercantís ou industriais, accederon a títulos nobiliarios mediante o matrimonio con nobres ou mercándolles o seu título a nobres arruinados.